

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA), a través dos seus deputados Xabier Ron Fernández e Ramón Vázquez Díaz, e da súa voceira, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en Comisión sobre a **exención de aplicación da Lei de Propiedade Intelectual nos centros educativos públicos durante a xornada escolar e por motivos da praxe docente.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai escasos días a Consellería de Educación remitiu aos centros educativos unha circular conxunta 14/2014 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos e da Secretaría Xeral Técnica da Conselleira de Cultura sobre a reprodución de obras audiovisuais en centros educativos de Galicia.

Dita circular, no seu último parágrafo, contén a seguinte afirmación:

“Os centros educativos non poden realizar actos de reprodución, exhibición ou comunicación públicas das obras audiovisuais íntegras sen obter a oportuna autorización dos autores ou da empresa de xestión de dereitos que os representen, xa que este tipo de actuacións non quedarían incluídas dentro do ámbito da excepción que introduce o artigo 32 do Real Decreto lexilativo 1/1996, do 12 de abril”.

Unha afirmación que deu lugar a polémicas e que, ao entender de AGE, tal e como recolleemos nesta iniciativa, responde a unha mala interpretación da nova redacción deste artigo 32 na **Lei 21/2014, do 4**

de novembro, pola que se modifica o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual, aprobado por Real Decreto Legislativo 1/1996, do 12 de abril, e a Lei 1/2000, de 7 de xaneiro, de Enxuizamento Civil.

En efecto, a Lei 21/2014 realiza a transposición da *Directiva 2011/77/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de setembro de 2011, que modifica a Directiva 2006/116/CE relativa ao prazo de protección do dereito de autor e de determinados dereitos afíns*. E tamén recolle o consignado pola *Directiva 2012/28/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2012, sobre certos usos autorizados das obras orfas*.

E non deixa de ser significativo que a Lei do goberno central recolla de forma explícita o seguinte: *“o actual artigo 32.2 na súa redacción vixente ate o de agora queda moi lonxe do alcance máximo que a sinalada directiva [refírese á Directiva 2001/29/CE, do 22 de maio de 2001, relativa á armonización de determinados aspectos dos dereitos de autor e dereitos afíns aos dereitos de autor na sociedade da información] permite dar a esta excepción ou límite (...). Por iso, xa o informe do Consello de Estado previo á aprobación da Lei 23/2006, de 7 de xullo, recordaba ao lexislador español que o alcance que se daba a ese límite ou excepción en España quizais non resultade suficiente para cubrir as necesidades cotiás da contorna educativa, quedando moi por debaixo do que permite a Directiva 2001/29/CE”*.

Resulta curioso, polo tanto, que a Circular da Consellería se centre precisamente no texto menos garantista, a Lei 1/1996 e non na redacción actual.

Ademais, o dito pola Lei 21/2014 é certo, xa que a Directiva 2001/29/CE, no seu artigo 5º.2.c), detalla que as limitacións ou excepcións ao dereito de reprodución poden darse no caso de *“actos*

específicos de reproducción efectuados por bibliotecas, centros de ensino ou museos accesibles ao público, ou por arquivos, que non teñan intención de obter un beneficio económico ou comercial directo ou indirecto”.

Cómpre entón prestar atención ao que di a redacción actual do artigo 32, que se titula “*Citas e reseñas e ilustración con fins educativos ou de investigación científica*”, e que modifica o título, o apartado 2, e introduce os apartados 3, 4 e 5, con respecto ao Real Decreto Lexislativo 1/1996, de 12 de abril, collido como referencia pola circular da Consellería de Educación. E, en consonancia co expresado páx. 90406 do BOE que recolle dita Lei, o alcance da modificación que se introduce no artigo 32 ten que ver “*principalmente no relativo á obra impresa*”.

Este artigo, entende AGE, regula os procedementos para estandarizar o uso da cita, da reseña, e da ilustración, para que non se cometan actos propios do plaxio intelectual. E, no seu apartado 3, en concreto, regula o uso de pequenos fragmentos de obras e de obras illadas de carácter plástico ou fotográfico figurativo, sen finalidade comercial, no profesorado de educación tanto obrigatoria, como non obrigatoria, como universitaria ou pertencentes a organismos de investigación. E di que se se dan unha serie de condicións non será requisito solicitar autorización do autor ou editor para reproducir, distribuír e comunicar.

Todas as condicións que se citan no artigo 32.3, que deben darse de forma simultánea, obedecen a unha praxe habitual no proceso de elaboración científica, onde todos apoian a conformación do discurso con fragmentos de obras anteriores:

- Reproducir: na elaboración dun libro ou unidade didáctica, por exemplo, onde se citan como criterios de confrontación ou

aprobación dialéctica fragmentos de autores anteriores, puidendo empregarse fragmentos de texto escrito, fotos, ilustracións,...

- Distribuír: por exemplo, cando se apoia o proceso explicativo dunha charla repartindo copia escrita do que se di.
- Comunicar: por exemplo, nunha exposición oral sobre un tema científico.

Como se di na exposición de motivos, pensamos que o artigo 32 trata, principalmente, de reproducións de fragmentos impresos, tal e como insiste o propio artigo 32.4 que regula os “*actos de reprodución parcial, de distribución e de comunicación pública de obras ou publicacións impresas ou susceptibles de selo*”, que non requirirán de autorización previa se se dan unhas determinadas condicións suimultáneas.

En ningún momento existe unha referencia expresa a obras audiovisuais sexan de ficción ou de non ficción, e en ningún momento se menciona unha prohibición expresa de reprodución sen contar coa autorización do autor ou editor. Aclaratorio é, en todo caso, que as Directivas 2001/29/CE e 2006/115/CE identifiquen co termo **película** aos documentos audiovisuais, **termo ausente na nova redacción do artigo 32 da Lei 21/2014.**

Mais, inda considerando que fose como quere a circular da Xunta, é inadmisíbel a omisión de responsabilidade da Consellería de Educación como garante do dereito de acceso á cultura e da provisión dun servizo público de calidade, xa que é ela quen ten a potestade de establecer un convenio regulador coas propias entidades que xestionan os dereitos de autor.

Sinalamos que o recoñecemento social dos creadores e creadoras e das súas creacións artísticas non sería posible sen o labor pedagóxico que

desenvolven os centros educativos públicos, onde debido á mensaxe, aos valores ou á propia orixinalidade do relato fílmico, tanto na súa vertente de ficción como de non ficción, os creadores son apreciados nas súas dimensións profesionais máis diversas. Sen temor a equivocarnos, podemos dicir que é a través da escola como adquire unha relevancia maior a cultura audiovisual dun país. Canto mellor se coñezan os procesos creativos tanto da cultura local e nacional como internacional, o alumno e alumna, futuro da nosa cidadanía, saberá discernir e apreciala no seu día a día. E non se desbote que impedir o disfrute e o aprendizaxe que emanan destes relatos representa un impedimento tamén para o desexo potencial deses alumnos e alumnas como axentes creadores de produtos artísticos.

E dicimos isto, porque AGE non se opón a que os creadores perciban durante toda a súa vida os ingresos procedentes dos dereitos exclusivos de reprodución e posta a disposición do público, mais sempre e cando estas teñan unha finalidade lucrativa e comercial. Opoñémonos a que se introduza dentro do alcance desa norma aos centros educativos públicos, xa que non existe neles nunca afán de lucro e comercial.

Dáse un paralelismo co que acontece co establecemento do canon por préstamo e adquisición nas bibliotecas, museos, arquivos, hemerotecas, fonotecas ou filmotecas públicas, que vén fixado polo Real Decreto 624/2014, do que AGE solicitou xa a exención de dito canon para esas entidades apoiándonos no artigo 6 da *Directiva 2006/115/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, sobre dereitos de aluguer e préstamos e outros dereitos afíns aos dereitos de autor no eido da propiedade intelectual*, onde consta de forma expresa a posibilidade de que os Estados membros establezan excepcións co *obxecto de promoción cultural*, eximindo a determinadas categorías do pago. E no artigo 10 da mesma Directiva consta expresamente que as limitacións dos dereitos previstos poden

establecerse: d) no *uso exclusivo para fins docentes ou de investigación docente*.

Está claro, polo tanto, que a Administración Pública pode establecer unha excepción cos centros educativos, onde non prevalecen as leis do mercado e da competitividade e si as do dereito do acceso á cultura e a unha educación pública de calidade.

A Xunta de Galicia, lonxe de velar por dito dereito e por unha educación pública de calidade ditou unha circular confusa e que repousa, ao noso entender, nunha interpretación errada do alcance do artigo 32 da Lei 21/2014.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta ao goberno da Xunta de Galicia a:

- 1) Retirar a circular conxunta 14/2014 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos e da Secretaría Xeral Técnica da Conselleía de Cultura sobre a reprodución de obras audiovisuais en centros educativos de Galicia.
- 2) Asumir a súa responsabilidade como garante do dereito de acceso á cultura e do dereito a unha educación pública de calidade:
 - 2.1.) Redactar unha nova circular permitindo a reprodución íntegra de relatos audiovisuais de ficción e non ficción debido ao interese xeral que ten para o desenvolvemento dunha educación pública de calidade.

Compostela, 9 de xaneiro de 2015.



Asdo.: Xabier Ron Fernández.

Ramón Vázquez Díaz.

Deputados do G.P. da AGE.

Yolanda Díaz Pérez.

Vicevoceira do G.P. da AGE

Asinado dixitalmente por:

Jose Javier Ron Fernandez na data 09/01/2015 11:22:48

Ramón Vázquez Díaz na data 09/01/2015 11:22:58

Yolanda Díaz Pérez na data 09/01/2015 11:23:05